

9



9) APLICACIÓN DO VISOR XEOGRÁFICO DA ASOCIACIÓN DE GDR DE GALICIA

Introdución e obxectivos

O Laboratorio do Territorio (LaboraTe) é un grupo de investigación e docencia integrado por profesores e investigadores de diferentes áreas de coñecemento, onde o territorio en sentido amplo, e especialmente o territorio rural, constitúen o seu principal ámbito de traballo.

A Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia apoiou a realización dunha investigación levada a cabo por LaboraTe, na que se desenvolve unha metodoloxía de análise da posesión e uso da terra para a comprensión e diagnoses das dinámicas territoriais, así como a avaliación dos sistemas de administración de terras existentes en Galicia e a súa idoneidade para apoiar as actividades de xestión de terras.


O obxectivo específico do visor é o análise das variables definitorias da estrutura de posesión da terra e de uso do solo, así como das fontes de información sistemáticas dispoñibles.

Para acceder ó visor xeográfico, pódese facer a través do seguinte enlace:
<https://estratexiasgdr.laborate.es/visor/>

Funcionamento


A metodoloxía proposta basearase en procesos de tratamento e análise da datos facilmente replicables e sistemáticos, que permita ser aplicada a todo o territorio galego sen alteración do fluxo e/ou das principais operacións.



O acceder ó enlace que se facilita anteriormente, abrírase a páxina principal do visor que se pode ver na imaxe inferior.



Imaxe 24. Páxina principal do visor LaboraTe

Na dereita da pantalla, amosase un cadro onde poderemos ir seleccionando a información desexada para as diferentes zonas do territorio galego. Para acceder a información dun determinado concello/parroquia pódese facer mediante unha busca directa poñendo o nome do territorio consultar, ou mediante unha busca progresiva (provincia > concello > parroquia > entidade de poboación). Todo isto pódese levar a cabo na función “lupa” situada na parte esquerda superior da pantalla.



A información que poderemos consultar mediante o visor xeográfico, aparece no cadro branco situado a dereita da pantalla. Nel poderemos seleccionar as diferentes variables a consultar. Para ver a información seleccionada de forma máis detallada, debemos premer a icona de información  ou na icona de lenda , ambos situados na parte esquerda superior da pantalla.

A información que nos detalla o programa, mediante diferentes capas, será a seguinte:

- Máscaras GDR: poderase seleccionar as diferentes Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia e ver o territorio que abarca cada un deles.
- Límites administrativos: Amosaranse os diferentes concellos de Galicia. Premendo no botón de información, poderemos ver máis detalladamente a información dun punto en concreto (concello, capital de concello e parroquia sobre a que prememos).
- Aptitude (millo/prado). Establécese a aptitude do terreo para a plantación de millo ou de prado, onde A1 representa terras moi aptas; A2, intermedias; e A3, marxinais. Se os terreos non son adecuados, represéntanse como N1 e N2.
- Incidencia de lumes entre os anos 2010 – 2020. Amósanse os lumes rexistrados no período de 10 anos nos diferentes GDR.
- Denominacións de Orixe (D.O.) e Indicación Xeográfica Protexida (IXP). Mediante este punto pódense ver as diferentes DO e IXP de Galicia e o territorio que abarcan cada unha delas.
- Instrumentos de recuperación de terras. Amósanse diferentes variables para cada un dos territorios seleccionados.
 - Masas CP con abandono
 - Polígonos Agroforestais
 - Aldeas Modelo
 - Concentración parcelaria
 - Zonas preferentes en DO
 - Terra agraria infrautilizada
 - Concentración parcelaria en proceso

- Sector agrogandeiro. Amósanse diferentes variables para cada un dos territorios seleccionados.
 - SIXPAC
 - Liña declaración SIXPAC 2021
 - % superficie PAC/Parroquia
 - Xefes de explotación <40 anos
 - Unidade de gando media
 - Carga gandeira SAU
 - Pastos permanentes
 - Terra arable media
 - SAU en propiedade
 - SAU media
 - Idade media do xefe de explotación
 - Producción estándar total media
 - Explotacións censadas
 - Densidade de explotacións a nivel municipal
- Uso da terra. Amósanse diferentes variables para cada un dos territorios seleccionados.
 - Sistema de Información sobre a Ocupación do Solo en España (SIOSE) 2014.
 - SIOSE 2025
 - Cambio de uso a mato
 - Cambio de uso a agrícola
 - Cambio de uso a bosque de coníferas
 - Cambio de uso a bosque de frondosas
 - Cambio de uso a urbano
 - Cambio de uso a outro
 - SIOSE 2005 SIMPLIFICADO
 - SIOSE 2014 SIMPLIFICADO
 - Mapa Forestal de España (MFE_25)

O visor tamén permite seleccionar outras capas auxiliares como capa de hidrografía, Rede Natura ou Montes de Man Común, entre outros, que permiten obter unha información máis ampla para un mellor análise.

Ó mesmo tempo, o visor permítenos medir áreas, distancias, establecer marcadores no mapa e exportar toda a información que precisemos a un documento “pdf”. Todo isto mediante as funcións presentes na parte superior esquerda da pantalla.



Medir áreas

Medir distancias



Exportar PDF

Establecer marcador

Exemplo práctico

Os puntos de maior interese para nos sería coñecer os instrumentos de recuperación de terras nos diferentes GDR e a aptitude que estes presentan para a plantación de millo ou prado. O mesmo tempo, tamén teríamos que ter en conta as diferentes DO e IXP de Galicia e onde estarían enmarcadas.

Aptitude nunha terra agraria infrautilizada

Con esta opción podemos ver a aptitude dos cultivos (millo/prado) en terra infrautilizada.



Imaxe 25. Aptitude dos cultivos (millo/prado) en terra infrautilizada.

Na imaxe superior, temos as capas activas de GDR e Instrumentos recuperación de terras > Terra agraria infrautilizada. Nela podemos ver as zonas de terra agraria infrautilizada coloreadas en diferentes tonos. Según a cor represéntase unha ou outra aptitude para os cultivos:


1. Vermello: A1 millo + A1 prado. A zona coloreada é moi apta tanto para o cultivo de millo como o de prado.
2. Laranxa: A2 millo + A1 prado. .A zona coloreada é intermedia para o cultivo de millo e moi apta para a pradeira.

3. Amarelo: A3 millo + A1 + A2 prado. A zona á marxinal para o cultivo de millo pero e ápta para as pradeiras.
4. Verde claro: Non millo + A1 – A2 prado. Zona non adecuada para o millo pero si para prado.
5. Verde escuro: non millo + A3 prado. Zona non adecuada para o millo e marxinal para o prado.

Enténdese que calquera terreo ten aptitude, en maior ou menor grado, para a plantación de pradeira.

Masas CP con abandono

Neste exemplo, vese a aptitude dedos diferentes cultivos (millo/prado) para masas de concentración parcelaria con abandono.



Imaxe 26. Masa de concentración parcelaria con abandono

Para poder ter a información, neste caso, teñense que superpoñer varias capas. Debemos seleccionar a capa de Máscara GDR, a capa de Aptitude (millo/prado) e a de Instrumentos de recuperación de terras > Masas CP con Abandono.

Na cor azul indícanse as masas en CP con abandono, mentres a aptitude dos cultivos indicase da seguinte forma:

- Verde – A1
- Amarelo – A2

- Laranxa – A3



Imaxe 27. Aptitude millo/prado

Mediante a icona de información (tendo seleccionada a aptitude) podemos ter unha información máis extensa da zona, como se mostra na imaxe da superior.



CONTACTO

Asociación de Grupos De
Desenvolvemento Rural De Galicia
Rúa San Marcos, s/n
15318 – Abegondo
(A Coruña)
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>

